



**ANXELES GONZÁLEZ CRUXEIRAS**, Concelleira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte moción ante o Pleno da Corporación Municipal, en relación coa necesidade de elaborar o inventario de camiños de titularidade municipal.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Lei 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións públicas establece no seu artigo 36.1 que “*as administracións públicas deben inscribir nos correspondentes rexistros, os bens e dereitos do seu patrimonio xa sexan demaniales ou patrimoniais...*”.

Asemade, o artigo 28 da mencionada lei, establece que “*as administracións públicas están obrigadas a protexer e defender o seu patrimonio. A tal fin protexerán axeitadamente os bens e dereitos que o integran, procurarán a súa inscrición rexistral e exercerán as potestades administrativas e accións xudiciais que sexan procedentes para elo*”.

A reiterada lei daba un prazo de cinco anos , que xa venceu en novembro do 2008, para proceder a inventariar e inscribir no Rexistro ditos bens inmobles.

Unha parte moi importante deste patrimonio municipal son os antigos camiños de dominio público e uso público que, historicamente, uniron á poboación coas localidades próximas. Polo tanto, o grupo municipal do BNG entende que eses camiños deben constar expresamente no inventario municipal de bens inmobles.

A lei de Bases de Réxime Local regula os camiños de entidades locais e establece que os municipios exercerán competencias sobre a conservación e vías públicas da súa propiedade e competencia.

Para o grupo municipal do BNG e urxente dispor deste inventario de camiños públicos, por onde os cidadáns sepan por onde transitar sen que ninguén lles chame a atención ou se lle impida por estar invadindo propiedades privadas, cousa que xa ocorreu en máis de unha ocasión a persoas que veñen a facer turismo pola cidade e incluso aos propios habitantes. Na actualidade e cando se está a proceder á adaptación do PXOM sería primordial contar con este instrumento para obstaculizar o menos posible as labouras do planeamento.

Por iso, o Grupo Municipal do BNG solicita o apoio da Corporación Municipal para a adopción do seguinte

### **ACORDO:**

**Que por parte do Goberno Municipal se proceda á elaboración inventario de camiños do noso municipio.**

Ribeira, 16 de marzo de 2010

Asdo.: Anxeles González Cruxeiras